



# Culleredo no Camiño Inglés

No século XII arribaban ao Burgo de Faro barcos procedentes das Illas Británicas e doutros países do Norte de Europa que, ademais de mercadorías para o intercambio comercial, traían peregrinos que continuaban por vía terrestre o seu camiño a Compostela.

O trazado actual do Camiño polo municipio de Culleredo parte de O Portádego e chega ata a Igrexa de Santiago do Burgo desde onde se dirixe a Almeiras e Alvedro. Desde alí, bordeando o polígono industrial, alcanza a ponte medieval da Xira para continuar polo municipio de Cambre.

En el siglo XII arribaban al *Burgo de Faro* barcos procedentes de las Islas Británicas y de otros países del Norte de Europa que, además de mercancías para el intercambio comercial, traían peregrinos que continuaban por vía terrestre su camino a Compostela.

El trazado actual del *Camino de Santiago* por el municipio de Culleredo parte de O Portádego y llega hasta la Iglesia de Santiago de O Burgo desde donde se dirige a Almeiras y Alvedro. Desde allí, bordeando el polígono industrial, alcanza el puente medieval de A Xira para continuar por el municipio de Cambre.

**Culleredo é territorio de confluencia do urbano e o rural, síntese de tradición e modernidade. Un lugar onde gozar da natureza, contemplar un sorprendente patrimonio arquitectónico, coñecer arraigadas tradicións asociadas coa etnografía e a cultura popular, visitar comercios, saborear a gastronomía, rendernos ao lecer, gozar do tempo libre...**

**Hoxe, cos seus máis de 30.000 habitantes, Culleredo é un dos municipios máis dinámicos da área metropolitana da Coruña, un lugar onde se cruzan todos os teus camiños.**

Culleredo es territorio de confluencia de lo urbano y lo rural, síntesis de tradición y modernidad. Un lugar donde disfrutar de la naturaleza, contemplar un sorprendente patrimonio arquitectónico, conocer arraigadas tradiciones asociadas con la etnografía y la cultura popular, visitar comercios, saborear la gastronomía, rendimos al ocio, disfrutar del tiempo libre...

Hoy, con sus más de 30.000 habitantes, Culleredo es uno de los municipios más dinámicos del área metropolitana de A Coruña, un lugar donde se cruzan todos tus caminos.




**Ao chegar a Culleredo apenas percibiremos a transición de cidade, sorprendéranos a continuidade da urbanización e tamén a convivencia de tipoloxías edificatorias de diferentes épocas.**

Ai chegar a Culleredo apenas percibiremos a transición de cidade, nos sorprendé a continuidade da urbanización e tamén a convivencia de tipoloxías edificatorias de diferentes épocas.




Xunto a humildes vivendas de planta baixa e cuberta de tella, testemuño de antigos usos agrarios, atoparemos fachadas de corte burgués que combinan pedra, madeira e forxa. Algunhas conservan luminosas galerías abertas cara a pequenos xardíns privados, noutras perdura o destallismo decorativo, de inspiración modernista característico das primeiras décadas do s.XX, cando neste tramo do Camiño vivíase unha frenética actividade comercial asociada ao intercambio de mercadorías para abastecer a cidade da Coruña.



Xunto a humildes vivendas de planta baixa e cuberta de teja, testimonio de antiguos usos agrarios, encontraremos fachadas de corte burgués que combina la piedra, madera y forja. Algunas conservan luminosas galerías abiertas hacia pequeños jardines privados, en otras perdura el destallismo decorativo, de inspiración modernista característico de las primeras décadas del s.XX, cuando en este tramo del Camino se vivía una frenética actividad comercial asociada al intercambio de mercancías para abastecer la ciudad de A Coruña.





O Portádego

Edifícios Modernistas

Ria de O Burgo

Paseo Marítimo  
de O Burgo

Villa Lucinda

**Iniciamos o descenso cara ao Paseo Marítimo deixándonos sorprenden pola suavidade da paisaxe da comarca nororiental das Mariñas. A cada paso sentímonos convidados a contemplar a amplitude do horizonte no que se enmarca a agradable paisaxe mariñán.**

Iniciamos el descenso hacia el Paseo Marítimo dejándonos sorprender por la suavidad del paisaje de la comarca nororiental de As Mariñas. A cada paso nos sentimos invitados a contemplar la amplitud del horizonte en el que se enmarca el agradable paisaje mariñán.



**Queda á nosa dereita “Villa Lucinda”, un dos mellores exemplos da arquitectura racionalista da comarca coruñesa e recordo daquelas edificacións residenciais que nas primeiras décadas do s.XX se realizaron nas proximidades da cidade da Coruña.**

Queda a nuestra derecha “Villa Lucinda”, uno de los mejores ejemplos de la arquitectura racionalista de la comarca coruñesa y recuerdo de aquellas edificaciones residenciales que en las primeras décadas del s.XX se realizaron en las cercanías de la ciudad de A Coruña.



**Chegados ao Paseo Marítimo, onde o estuario se abre cada vez máis ao mar, poderemos contemplar como os mariscadores se afanan en traballar os bancos marisqueiros. Tamén observar algunha das moitas aves que elixiron a nosa ría para vivir.**

Llegados al Paseo Marítimo, donde el estuario se abre cada vez más al mar, podremos contemplar como los mariscadores se afanan en trabajar los bancos marisqueros. También observar alguna de las muchas aves que eligieron nuestra ría para vivir.





Xardin Botánico

Aula da Natureza

Paseo Marítimo

Fábrica de Cross

Igrexa de Santiago

Ponte Medieval

Un xardín típico dos pazos galegos e pequenos xardíns de distintas partes do mundo. Descanso, tranquilidade e natureza escondense tras do enreixado do **Xardín Botánico** xunto á **Aula de Interpretación da Natureza “Juan Lembeye”**.

Un jardín típico de los pazos gallegos e pequenos jardines de distintas partes del mundo. Descanso, tranquilidad y naturaleza se esconden tras la verja del **Jardín Botánico** junto al **Aula de Interpretación de la Naturaleza “Juan Lembeye”**.



A **ponte medieval** de O Burgo facilitou dende a antigüidade a comunicación entre ambas as márxes da ría. Da súa importancia dá fe o escudo municipal onde aparece representado xunto ás cunchas de peregrino, a cruz templaria e as ondas do mar.

El **punte medieval** de O Burgo facilitó desde la antigüedad la comunicación entre ambas márgenes de la ría. De su importancia da fe el escudo municipal donde aparece representado junto a las conchas de peregrino, la cruz templaria y las olas del mar.



Hoxe é un agradable Paseo ao bordo do mar pero ata finais do século pasado, era un gran enclave industrial. Del consérvase a impresionante estrutura e outros edificios singulares do complexo da **Fábrica de Cros**, referente da arquitectura industrial do primeiro terzo do s.XX en Galicia.

Hoy es un agradable Paseo al borde del mar pero hasta finales del siglo pasado, era un gran enclave industrial. De él se conserva la impresionante estructura y otros edificios singulares del complejo de la **Fábrica de Cros**, referente de la arquitectura industrial del primer tercio del s.XX en Galicia.





Igreja de Santiago

Ponte Medieval

Villa Rosa

Igreja de Almerias



**A Igrexa de Santiago de O Burgo, levantada no s. XII, é lugar de parada obrigada para os peregrinos a Compostela. Conserva interesantes elementos románicos tanto nas súas fachadas como no seu interior.**

La Iglesia de Santiago de O Burgo, levantada en el s. XII, es lugar de parada obligatoria para los peregrinos a Compostela. Conserva interesantes elementos románicos tanto en sus fachadas como en su interior.



**De camiño cara a Almeiras, sorpréndenos a monumental galería e a decoración de forxa dos balcóns de “Villa Rosa”, unha belísima construción de inspiración colonial de principios do s. XX.**

De camino hacia Almeiras, nos sorprende la monumental galería y la decoración de forja de los balcones de “Villa Rosa”, una bellísima construcción de inspiración colonial de principios del s.XX.



**A paisaxe é cada vez menos urbana, salpicada de vivendas unifamiliares, pequenos hortos e parcelas de cultivo. Desde a igrexa de Almeiras, poderemos botar a vista atrás e contemplar, na compañía do piadoso “Cabaleiro de Almeiras” a paisaxe que acabamos de percorrer.**

El paisaje es cada vez menos urbano, lo salpican viviendas unifamiliares, pequeños huertos y parcelas de cultivo. Desde la iglesia de Almeiras, podremos echar la vista atrás y contemplar, en compañía del piadoso “Cabaleiro de Almeiras” el paisaje que acabamos de recorrer.



**Vixia o noso paso, polo núcleo da Choeira, o torreón da Quinta de Víctor Morelli. Uns metros máis adiante, protexida por vellos muros de cachotería, a antiga reitoral de San Xíao, un magnífico exemplo de arquitectura tradicional, a medio camiño entre casa grande e pazo.**

Vigila nuestro paso, por el núcleo de A Choeira, el torreón de la *Quinta de Víctor Morelli*. Unos metros más adelante, protegida por viejos muros de mampostería, la antigua *rectoral de San Xíao*, un magnífico ejemplo de arquitectura tradicional, a medio camino entre casa grande y pazo.



**Desde o alto do castro de Alvedro, amósásenos a amplitude do val do Mero, por onde seguiremos o Camiño cara a Compostela.**


Desde el alto del castro de Alvedro, se nos muestra la amplitud del valle del Mero, por donde seguiremos el Camino hacia Compostela.



**Teremos que bordear o polígono industrial de Alvedro e cruzar a ponte medieval de A Xira que marca o límite do noso municipio co de Cambre.**

Tendremos que bordear el polígono industrial de Alvedro y cruzar el *ponte medieval de A Xira* que marca el límite de nuestro municipio con el de Cambre.

A situación estratéxica de Culleredo, no corazón do Golfo Ártabro, supuxo que desde época antiga o seu territorio se vinculara con importantes infraestruturas de transporte e comunicación da comarca. Camiños asociados ás culturas megalíticas e á dominación romana, camiños medievais dos que o Camiño de Santiago é o principal referente, ou camiños como o Camiño de acceso a Galicia, trazado no século XVIII, son bos exemplos diso. Xa no século XIX construíuse a liña de ferrocarril que une A Coruña con Madrid e a mediados do XX a que leva a Santiago. O século XX e o XXI son os das grandes grandes infraestruturas: o aeroporto, a liña de Alta Velocidade e as autoestradas.



La situación estratéxica de Culleredo, en el corazón del Golfo Ártabro, ha supuesto que desde época antiga su territorio se haya vinculado con importantes infraestruturas de transporte e comunicación de la comarca. Caminos asociados a las culturas megalíticas y a la dominación romana, caminos medievales de los que el Camino de Santiago es el principal referente, o caminos como el *Camino de acceso a Galicia*, trazado en el siglo XVIII, son buenos ejemplos de ello. Ya en el siglo XIX se construyó la línea de ferrocarril que une A Coruña con Madrid y a mediados del XX la que lleva a Santiago. El siglo XX y el XXI son los de las grandes grandes infraestruturas: el aeropuerto, la línea de Alta Velocidade y las autopistas.